

O EDIFICIO NO QUE VIVIU EN RIANXO PASARÁ A SER "SOLO OCUPACIONAL PÚBLICO"

A Xunta permite expropiar a casa familiar de Castelao

O Concello buscará financiamento para facerse co inmoible e acondicionalo como museo do galeguista

A disposición do DOG deixa aberta a posibilidade de interpoñer recurso contra a decisión nun prazo de dous meses. Piñeiro non se sorprendería de que o propietario do edificio, Xavier Baltar—que o recibiu en herdanza—, utilizase esta vía. "É o seu lexítimo dereito", afirma sen facer caso ás palabras do dono da vi-

venda nas que dicía que "os plans da alcaldía poderían supoñer un caso de prevaricación". Ante iso, o alcalde lembra que "houbo centos de intentos para negociar con ele sempre foi imposible chegar a un acordo", pero malia esta decisión da Xunta, "a porta continúa aberta para calquera tipo de negociación". ■



Pedro Piñeiro e Pousa Antelo cun veciño ante a casa de Castelao OLALLALLOJO

PATRIMONIO

R. S. ACORUÑA

politica@xornaldegalicia.com

A recuperación do patrimonio do galeguista Alfonso Daniel Rodríguez Castelao para a súa utilización pública deu un novo paso cara adiante este mércores, cando se fixo oficial no DOG a aprobación por parte da Xunta da modificación puntual das normas urbanísticas de Rianxo, que permitirá iniciar o proceso de expropiación da casa familiar do histórico artista, actualmente en mans privadas.

O edificio onde viviu Castelao na súa localidade natal é propiedade de Xavier Baltar, co que nin Xunta nin concello puideron chegar a un acordo para convertela nun museo público acorde á importancia do seu antigo inquilino. Esta imposibilidade de acordo forzou ás dúas institucións a recorrer a outro tipo de medidas. A Consellería de Cultura xa obtivo por esta vía a autorización

O propietario ten aínda dous meses para presentar alegacións

para acceder ao inmoible e, mediante os seus expertos, decidir a súa catalogación como Ben de Interese Cultural. Pero por outra banda, o concello decidiu pedir a súa cualificación como "solo dotacional público", o que permitiría a expropiación. E así será, segundo anuncia o alcalde de Rianxo, Pedro Piñeiro. "A nosa intención é a de buscar financiamento para ir á expropiación", adianta sen temor ao fracaso nesa procura. "Tratándose dunha xestión deste calado non creo que teñamos problemas para atopala".

Ademais, o rexedor rianxeiro mantén os seus proxectos para o fogar do autor de *Sempre en Galiza*, independentemente do roteiro paralelo que abriu a Xunta para declarala BIC. "Son camiños distintos que non teñen por que chocar", declara.

MONTEIRO, Pousa Antelo, BODEGA A LA VIEJA, VALDEORZAS, RIAÑO

Víños, augardentes e licores galegos con denominación de calidade

Hai etiquetas que distinguen a túa vida

Distingue a túa vida

Ti sabes converter as boas ocasións en momentos únicos. Disfrutas apreciando toda a calidade e a personalidade que nace das viñas da túa terra. Por iso, elixes viños, augardentes e licores galegos con denominación de calidade. Porque sabes que hai etiquetas que distinguen a túa vida.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

radio rural